

SOLIDARIEDADE CON PALESTINA

POLO REMATE DA COMPLICIDADE EUROPEA COAS VIOLACIÓNS ISRAELÍ DO DEREITO INTERNACIONAL

COMO É COMPLICE EUROPA?

- A Unión Europea (UE) e os Estados europeos non denuncian a Israel polas súas graves violacións do Dereito Internacional.
- Europa proporciona a Israel apoio político, económico e militar.
- Desde o 2000 o Acordo de Asociación UE-Israel é a base principal das relacións económicas entre a UE e Israel. Israel incumpre reiteradamente a cláusula de dereitos humanos do presente Acordo.
- Europa é o maior mercado de produtos israelís.
- As exportacións israelís á UE ascenderon a 21.142 millóns de euros en 2016, o que representa o 30% das exportacións israelís.

QUE SE PODE FACER?

Unirse á Iniciativa Sindical Europea pola Xustiza en Palestina

Propiciar mocións que pidan o cese da complicidade e a suspensión do Acordo de Asociación UE-Israel

Esixir unha posición clara do conxunto do movemento sindical europeo contra a complicidade da UE coas agresións contra Palestina

Solicitar o veto aos produtos e empresas relacionadas cos asentamentos israelís ilegais para **rematar coa súa complicidade** nas violacións do Dereito Internacional e dos dereitos humanos do pobo palestino

European Trade Union
INITIATIVE
For Justice In Palestine

SOLIDARIEDADE CON PALESTINA

POLO REMATE DA COMPLICIDADE EUROPEA COAS VIOLACIÓNS ISRAELÍ DO DEREITO INTERNACIONAL

APARTEID ISRAELÍ, OCUPACIÓN E COLONIALISMO

As contínuas violacións do Dereito Internacional e dos dereitos humanos por parte de Israel están a crear na realidade un apartheid. Israel continúa a ocupar Palestina ilegalmente, colonizando e limpando etnicamente palestinos/as das súas terras. Aos refuxiados/as palestinos/as ségueselles a negar o seu dereito ao retorno.

NESTE INTRE, CÚMPRENSE:

- 100** anos desde a «Declaración de Balfour» de 1917.
- 70** anos desde a Nakba, expulsión de 750.000 palestinos/as.
- 50** anos desde a ocupación de Cisjordania e da Franxa de Gaza.
- 15** anos desde a construción dun muro de apartheid ilegal de máis de 700 km. de longo.
- 10** anos desde a imposición dun bloqueo terrestre, marítimo e aéreo na Franxa de Gaza.



QUE É A INICIATIVA SINDICAL EUROPEA POLA XUSTIZA EN PALESTINA?

Trátase dunha rede de 31 sindicatos europeos que representan a máis de 3 millóns de traballadores/as, comprometidos a cuestionar a complicidade dos Gobernos europeos e da UE coas violacións do Dereito Internacional e co establecemento dunha plataforma europea de solidariedade co pobo palestino.

ORGANIZACIÓNS QUE FORMAN PARTE DA INICIATIVA NESTE INTRE

The Irish Congress of Trade Unions (ICTU), Fagforbundet (Norway), Union syndicale Solidaires (France), La Centrale Générale-FGTB (Belgium), ACV/CSC Brussels (Belgium), UNISON (UK), The Norwegian Trade Union LO in Trondheim, Unison N. Ireland, Derry Trades Union Council, Belfast&District Trades Union Council, Workmates - trade union section of Norwegian Palestine Committee (Norway), Trade Union Friends of Palestine (Ireland), Communications Workers Union (Ireland), Confederación Intersindical Galega-CIG (Galiza), Mandate Trade Union (Ireland), ELA – Basque Workers Solidarity, IRW-CGSP (Belgium), LBC-NVK (Belgium), Palestinawerkgroep-FNV (The Netherlands), CNE (Belgium), IAC (Spain), Civil Public and Services Union - CPSU (Ireland), Intersindical Valenciana, Irish National Teachers' Organisation - Branches: Derry City, Newry, Dungannon, Armagh, Belfast West, The Palestine Committee of Norway, Union section (Union of railway workers), IMPACT (Ireland), CGT France – 66, The Northern Ireland Public Service Alliance.